

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE FERROL,
SANTIAGO DE COMPOSTELA, PONTEVEDRA, VIGO E LUGO, A
CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA DO ENSINO, A ASOCIACIÓN
SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA E O INSTITUTO PARA O DESENVOLVEMENTO
DE SOFTWARE EN GALEGO**

En Santiago de Compostela, o 26 de setembro de 2001

REÚNENSE

Don Xosé Antonio Sánchez Bugallo, alcalde do Concello de Santiago de Compostela.
Don Miguel Anxo Fernández Lores en nome do Concello de Pontevedra.
Don Lois Pérez Castrillo, alcalde do Concello de Vigo.
Don Xosé Clemente López Orozco., en nome do Concello de Lugo.
Don Xaime Bello.Costa en nome do Concello de Ferrol
Don Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez, en nome da Confederación Intersindical Galega do Ensino
Don Xoán Costa Casas, en representación da Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
Don Camilo Regueiro López, en nome do Instituto para o Desenvolvemento de Software en Galego (Galego 21).

En virtude da súa representación recoñécense mutuamente capacidade abonda para asinar este convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Que a Lei 3/1983 de normalización lingüística, no seu artigo 25, prevé que as corporacións locais fomenten a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras e que, ao abeiro disto, os concellos asinantes veñen desenvolvendo programas, propios ou en colaboración con outras entidades, destinados a promover o uso da lingua propia de Galicia.

Que as asociacións asinantes deste convenio son entidades sen fin de lucro que, con especial interese e dedicación nas súas actividades, promoven o uso do galego no ámbito socioeducativo.

Que entre os obxectivos de todas as entidades está a extensión do uso da lingua galega na mocidade e que todas coinciden en valorar a importancia que ten o emprego das novas tecnoloxías da información e da comunicación para alcanzalo.

Con base nestas consideracións

ACORDAN

Primeiro

Asinar este convenio de colaboración para a posta en marcha dun programa de dinamización lingüística no ámbito socioeducativo baseado no coñecemento e difusión do emprego de Internet e dos recursos en galego que ofrece, programa ao que denomina Ciberlingua.

Segundo

O programa realizarase en cada un dos concellos asinantes consonte as especificacións que, para o curso 2001-2002, se sinalan máis abaixo e co calendario que acorden os responsábeis de Ciberlingua en cada localidade.

Terceiro

As actuacións básicas do programa son as que seguen:

Obradoiros “Ciberlingua”

Destinatarios: Profesorado, nais/pais

Metodoloxía: Sesións prácticas con utilización directa das ferramentas informáticas, acceso á rede, visita a sitios web de interese e tratamento dos contidos didácticos.

Contidos: Nocións básicas sobre internet e as súas posibilidades.
Manexo dos recursos básicos (navegadores, buscadores, correo electrónico, tradutores...)
Coñecemento das ferramentas en galego que existen.
Coñecemento dos sitios web de interese.
Aplicación didáctica.

Sesións “Ciberlingua”

Destinatarios: Alumno de primeiro e segundo curso de ESO.

Metodoloxía: Sesións en cibers con monitores especializados; sesións nos centros de ensino con participación do profesorado.

Contidos: Manexo de ferramentas en galego (navegadores, buscadores, tradutores...)
Visitas temáticas guiadas.
Charlas.
Xogos cooperativos.
Construcción de novos espazos de intercambio

Participación en iniciativas en prol da lingua.

Guía de navegación

Destinatarios: Educadores que participen nos obradoiros.

Contidos: Publicación en papel con información útil sobre as ferramentas de navegación, buscas, etc.

Guía de recursos

Destinatarios: Profesorado e alumnado que participe nos obradoiros e nas sesións.

Contidos: Publicación en papel e en rede cunha relación ordenada de sitios de interese.

Paquete de programas

Destinatarios: Alumnado e profesorado que participe no programa.

Contidos: Edición en CD dunha selección dos programas e aplicacións en galego que elabados Galego 21: navegador, IRC/charla, reproductor de música, aplicación para galeguizar os menús do Word, cliente de FTP, programa para xestionar descargas...

Galeguización dos cibers

Destinatarios: Empresas propietarias dos cibers
Usuarios habituais dos cibers

Contidos: Acordo cos propietarios dos cibers:
- realización das sesións “Ciberlingua”
- instalación do navegador galego como opción preferente
- instalación de accesos directos á información sobre a campaña

Campaña informativa

Destinatarios: Toda a comunidade educativa

Contidos: Carteis e folletos para distribución nos centros de ensino e locais xuvenís convidando a participar no programa e sumarse ao uso do galego na rede. Información nos medios de comunicación tradicionais e nos sitios web das entidades convocantes.

Cuarto

De acordo coas características propias de cada concello, establécese a seguinte programación:

Concello de Ferrol	4 Obradoiros Ciberlingua 10 Sesións Ciberlingua 250 Guías de navegación 1.000 Guías de recursos 500 copias do paquete de programas 250 carteis informativos sobre o programa 300 folletos informativos
Concello de Santiago de Compostela	5 Obradoiros Ciberlingua 10 Sesións Ciberlingua 250 Guías de navegación 1.000 Guías de recursos 500 copias do paquete de programas 250 carteis informativos sobre o programa 300 folletos informativos
Concello de Pontevedra	5 Obradoiros Ciberlingua 10 Sesións Ciberlingua 250 Guías de navegación 1.000 Guías de recursos 500 copias do paquete de programas 250 carteis informativos sobre o programa 300 folletos informativos
Concello de Vigo	5 Obradoiros Ciberlingua 10 Sesións Ciberlingua 250 Guías de navegación 1.000 Guías de recursos 500 copias do paquete de programas 500 carteis informativos 300 folletos informativos
Concello de Lugo	4 Obradoiros Ciberlingua 10 Sesións Ciberlingua 250 Guías de navegación 1.000 Guías de recursos 500 copias do paquete de programas 250 carteis informativos sobre o programa 300 folletos informativos

O Concello de Ferrol exclúe da súa programación a actuación “galeguización dos cibers” xa que no curso pasado desenvolveu unha actividade de difusión de ferramentas informáticas e galeguización nos cibers da cidade. Desenvolverá as sesións do alumnado nos centros de ensino e non nos cibers.

Quinto

Galego 21 encargárase das seguintes tarefas:

- Deseño do contido dos obradoiros.
- Deseño do contido das sesións para o alumnado.
- Formación de monitores especializados para os obradoiros e as sesións.
- Instalación dos programas nas aulas informáticas (só en caso de que os centros carezan de persoal especializado)
- Dispensa dos obradoiros.
- Guía das sesións para o alumnado (dous monitores/as por sesión).
- Preparación do paquete de programas e edición dun disco-mestre cun manual describindo cada programa e o procedemento para a súa instalación.
- Preparación da guía de navegación na que se inclúa un manual de introducción ao uso de Internet.
- Preparación da guía de recursos.

Esta entidade comunicará aos coordinadores do programa as xestións que realice, o modelo programa dos obradoiros e das sesións así como o contido dos materiais que se editen en desenvolvemento do programa.

Sexto

A CIG Ensino e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega encargaranse da difusión do programa nos centros de ensino, de dispoñer as aulas de informática necesarias, da inscrición dos participantes e de propoñer o calendario de sesións, comunicando aos coordinadores locais do programa as xestións realizadas. Así mesmo correrán pola súa conta os trámites necesarios para a homologación dos seminarios para o profesorado.

Sétimo

Ademais das entidades asinantes deste convenio, poderase achegar a participación da coordinadora de equipos de normalización lingüística dos centros de ensino respectiva co fin de conseguir unha máis ampla difusión e implantación do proxecto.

Oitavo

Cada entidade participante nomeará un coordinador local do programa que, xunto co coordinador de Galego 21, acordará o lugar e datas en que deben realizarse as sesións e obradoiros. Así mesmo, correrán pola súa conta os acordos que cumpran cos propietarios dos cibers para o desenvolvemento das sesións co alumnado así como para a instalación de ferramentas en galego nos seus equipos.

Noveno

O orzamento de cada unha das partes do programa queda establecido como segue:

Preparación do programa dos obradoiros e das sesións	540.000 pesetas
Formación dos monitores/as	434.000 pesetas
Preparación dos contidos da guía de navegación e da guía de recursos	700.000 pesetas
Dispensa dun obradoiro para o profesorado	160.000 pesetas
Guía dunha sesión para o alumnado	10.000 pesetas
Xestión e coordinación das actividades	1.500.000 pesetas
Deseño e creación da liña gráfica para os distintos materiais	174.000 pesetas
Canle de IRC e persoal para moderar as sesións	870.000 pesetas
Elaboración dunha aplicación e das páxinas web para o concurso das sesións do alumnado	458.200 pesetas
Promoción do programa no portal Vieiros	371.200 pesetas
Edición e distribución de 1.500 carteis informativos	171.680 pesetas
Edición e distribución de 1.500 folletos informativos	100.920 pesetas
Edición e distribución de 1.250 exemplares da guía de navegación	1.421.000 pesetas
Edición e distribución de 5.000 exemplares da guía de recursos	261.000 pesetas
Edición e distribución de 2.500 copias do paquete de programas	788.800 pesetas

Décimo

En función da programación indicada arriba, cada concello aboará, como máximo, con cargo aos seus orzamentos, as cantidades que seguen logo da presentación das correspondentes facturas:

	exercicio 2001	exercicio 2002
Concello de Ferrol	2.292.439	-

Concello de Santiago de Compostela	1.500.000	952.439
Concello de Pontevedra	1.226.220	1.226.219
Concello de Vigo	481.054	2.000.000
Concello de Lugo	300.000	1.992.439

Décimo primeiro

As actuacións desta campaña terán unha prolongación no tempo polo que, logo de esgotada a primeira edición correspondente ao curso 2001-2002, e sen necesidade de asinar un novo convenio, as entidades asinantes poderán acordar que se realice unha reedición ou prolongar as actuacións con novas propostas, logo de ter en conta os resultados acadados nesta primeira fase.

Décimo segundo

En todos os materiais editados, así como nos actos de presentación ou noutros que se realicen, farase constar sempre a participación das entidades asinantes deste convenio. Para este efecto, no material que se difunda constarán, como mínimo, os sinais de identidade de todas as organizacións e institucións que forman parte do programa.

Décimo terceiro

As entidades asinantes acordan crear unha comisión de seguimento composta por un representante de cada unha, que se ocupará do desenvolvemento deste convenio e de todas as actuacións que del se deriven, así como de dictar as indicacións oportunas para o seu mellor cumprimento.

Asemade acordan nomear coordinadores xerais do proxecto aos representantes do Concello de Ferrol e de Galego 21.

Establécese tamén un nivel de coordinación local, que recaerá nos representes locais de cada unha das entidades.

Décimo cuarto

Todos os documentos e materiais que se deriven desta relación de vencellamento entre as distintas partes redactaranse en lingua galega así coma toda presenza pública (rótulos, indicadores, publicidade de calquera tipo e en calquera medio, etc) que as partes que convenian realicen referente ao asunto obxecto deste convenio.

En proba de conformidade e para a debida constancia, asinan este acordo en oito exemplares e no lugar e data sinalados ao principio.

Xaime Bello Costa
Alcalde de Ferrol

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela

Miguel A. Fernández Lores
Alcalde de Pontevedra

Lois Pérez Castrillo
Alcalde de Vigo

Xosé Clemente López Orozco
Alcalde de Lugo

F.X. Anxo Louzao Rodríguez
Secretario Xeral da CIG-Ensino

Xoán Costa Casas
Presidente da Asociación
Socio-Pedagóxica Galega

Camilo Regueiro López
Presidente do Instituto Galego para o
Desenvolvemento do Software en Galego
-Galego 21